



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Heite d'amar paxariño
heite d'amar ghorrión
heite d'amar paxariño
de día e de noite non.

- Nós chamabamoslle o pateado, non sabes?
- A jota pateado?
- Á jota chamabamoslle o pateado.
- Non se chamaba jota, entonces?
- Nós non.
- Solamente pateado?
- Na pandeireta chamabamoslle o pateado.

/: A toca-la pandeireta :/
a toca-la pandeireta
aprendeume miña nai
a conta dunha peseta.

Olvidáchesme por pobre
eu por rico te deixei
vale máis un prob'honrado
que un rico de mala lei.

Porque che falei un ano
pensaches que te quería
inda che falaba dous
coa mesma picardía.

/: Carabis carabinol :/
o día que non te vexo
para min non raia o sol.

- Era unha cantarela que aprenderamos así
- Que se cantaba ao mozo?
- Cantabamos nós!
- As mozas aos mozos?
- As mozas aos mozos.
- E Carabiz era o mozo?
- Carabiz era o mozo. Chamabamoslle nós pero non tiña o nome ese.
- No, no. Pero...
- Chamabámosllo.



Manuel por ve-las nenas
fix'unha ponte de prata
as nenas non van por ela
Manuel todo se mata.

Gracias a Dios que lleghé
al ghuardin de l'harmesura
donde se recreia el sol
las estrellas y la luna.

Cuando paso por tu puerta
y te veío en la ventana
llevo el corazón herido
para toda la semana.

- Ese é o mozo, non sabes? Cando pasa por baixo da ventana da moza e vea na ventana... pois leva o corazón herido, non? (Risas)

Ghracias a Dios que cheghei
ghracias a Dios que cheghei
tantos santos m'acompañen
como de pasadas dei.

O cura a maila criada
ordenaron unha festa
peneiraron a fariña
ó abrigo dunha xesta.

Señor cura da parroquia
a doutrina non lla sei
pídam'unhas cantareias
qu'eu llas repenicarei.

O cura vendeu a burra
por non lle dabala cebada
aghora vai aos enterros
dacabalo da criada.

Señor cura d'Ameixenda
non é cura nin señor
que confesou a criada
debaixo do cubridor.



Cada vez que voy a Cádiz
miro para la'strechura
y veio la nieve blanca
me acurda tu hermosura.

Heicho de dar queridiño
heicho de dar que o teño
heicho de dar queridiño
o anillo do meu dedo.

Calle da Rúa Travesa
non é calle nin aldea
qu' é unha corredoira vella
donde s'os burros pasean.

/: Para Villestro hei d'ire :/
ar nenas son cariñosas
con elas hei de dormire.

- De donde é usted?
- Son dalá da parroquia de Marantes.